


Contos de Revolución

Entre Brassens e Neira Vilas

Dani Blanco



narrador

Zé Pumar



acordeón e

VOZ

Disque cando unha bolboreta axita as súas ás en Autralia, pode provocar un furacán en América. Tamén chamada teoría do caos. A revolución do caos, non chega cunha bolboreta, nace con Neira Vilas, mellor con “Memorias dun neno labrego”, e xa non hai volta atrás, arrástrao todo. Unha revolución que nos vai levar desde Buenos aires ata a caída do muro de Berlín. Esta viaxe vai facer parada en maio do 68, nas barricadas de París, na chegada dos Tamara a sala Olympia, Lacán e ata un boxeador ruso afincado en Cangas sempre acompañados da música de Brassens. Unha banda sonora en francés que nos vai acompañar neste camiño da revolución provocada por “Memorias dun neno labrego”. Sempre en clave de humor un espectáculo estreado en xullo do 2024 no Festival Atlantica de narración oral.

SOMOS

DANI BLANCO

Nado en Cangas no ano 1981. Pallaso, bufón, improvisador e narrador oral. Funda a compañía de circo Asircópatas coa que crea 8 espectáculos o longo destes 20 anos e actúa por máis de 20 países. Adentrase noutros campos coma a improvisación ce actúa nas montaxes do CDG e participa en festivais internacionais. Tamén conta, participando en festivais, escribindo os seus propios contos para adultos que publicará no libro “Murmuraban as miñas veciñas” no ano 2022 e neste mesmo ano crea espectáculos infantís de narración coma “Historias desde o outro lado da raia” ou coa Cia Diáspora escena “O Peirao”.





Zé Pumar estudou Historia e Ciencias da Música nas Universidades de Salamanca e Lisboa e a especialidade de piano nos Conservatorios de Cangas e Santiago de Compostela. Participou en diferentes proxectos musicais dos que destacan os grupos Na Virada, Pumar e Prieto, Pardal na rúa e, actualmente, Mediarea. Tamén compuxo música para teatro

A pesar de ser multiinstrumentista, nos últimos anos inclínase polo acordeón como instrumento principal e pola música tradicional, jazz e música contemporánea como xéneros referentes.

CONTOS DE REVOLUCIÓN

entre Brassens e Neira Vilas



FICHA TÉCNICA

Equipa de son (aportado pola comañía)
duración: 60 minutos Espazo mínimo:
3x3 Idioma: galego Exterior ou interior
contacto: 647059288
+info: www.sondaniblanco.gal